



## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APROBACIÓN DE BASES SELECCIÓN INFORMADOR TURÍSTICO.

**EXPEDIENTE:**2020/G003/000083

### ANTECEDENTES:

Examinadas as bases para a contratación dun técnico/a informador/a turístico/a con cargo á subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local e de conformidade coa resolución da Alcaldía de data 16 de marzo de 2020, pola que se avocaban as competencias da Xunta de Goberno Local como consecuencia da crise do coronavirus, **RESOLVO:**

Aprobar as bases para a contratación dun técnico/a informador/a turístico/a que se transcriben a continuación:

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

1. A convocatoria ten por obxecto contratar, na modalidade de contratación temporal por obra ou servizo a xornada completa unha praza de técnico/a informador turístico durante un período de 6 meses durante o 2020.
2. A retribución do salario mensual bruto incluída a parte proporcional das pagas extras do traballador/a será de 1.200 euros/mes.

Segunda.- Condicións dos/as aspirantes.

- a) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas. (Anexo II.)
- d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo ao que se opta. (Anexo II DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA.)
- e) Atendendo ao establecido no apartado 3 das bases de convocatoria do Programa DP0029/2020, as persoas a contratar deberán estar en posesión dalgún dos seguintes títulos:

- 1.- Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.
- 2.- Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.
- 3.- Grao ou diplomado en Turismo ou equivalente homologado.
- 4.- Dobre grao en Ciencias Empresariais e Turismo.
- 5.- Grao ou licenciatura en Historia da Arte.
- 6.- Grao ou licenciatura en Humanidades.
- 7.- Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio.
- 8.- Grao ou licenciatura en Historia.



Terceira.- Requisitos para a selección e datas para a realización das probas.

Para a contratación do citado persoal anunciarase nun xornal de tirada rexional, conforme aos requisitos esixidos na resolución pola que se concede a subvención con cargo á que se financia a contratación. Así mesmo publicarase na páxina web do Concello e mediante anuncios en Taboleiro de anuncios do Concello. O prazo de presentación será de 8 días naturais dende a última publicación (xornal ou páxina web) debendo de presentarse os documentos xustificativos dos méritos alegados, e en especial os contratos que se houberan celebrado e a vida laboral.

Datas para a realización das probas.- Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que o Concello requira nas dependencias municipais da Casa do Concello de Touro co DNI. Os/as candidatos/as deberán realizar a baremación dos méritos e unha proba escrita para optar á praza.

Cuarta.- Comisión seleccionadora.

A comisión seleccionadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente:

D. O Secretario – Interventor do Concello ou persoal en que delegue.

Vocais:

D.<sup>a</sup> Nieves González Mujico, funcionaria do Concello.

D.<sup>a</sup> Paz Gutiérrez Abella, funcionaria do Concello.

Secretario:

D. Jesús José Reboredo González, con voz pero sen voto.

Os membros do órgano de selección nos que concorran algunha das causas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, deberán absterse de intervir notificándoo ao Presidente. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros da mesa cando concorran algunha das causas do artigo 28 da citada Lei.

A Comisión poderá solicitar axuda de técnicos ou asesores cando o considere axeitado.

Quinta.- Proceso de selección.

Os/As aspirantes ao posto deberán presentar a seguinte documentación:

- DNI ou equivalente.
- Titulación esixida segundo o disposto na base segunda; que se acreditará coa fotocopia cotexada do título, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para a súa obtención acompañado da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.
- Currículo Vital do/a aspirante.
- Xustificantes acreditativos dos méritos alegados, no seu caso.

A comisión seleccionadora realizará:

**1º.- BAREMACIÓN MÉRITOS: Máximo de 5 puntos.**



### Formación:

- Por posuír outras titulacións relacionadas co traballo a desenvolver distintas das esixidas na base segunda apartado e) desta convocatoria, sempre que estea relacionada coas tarefas do posto de traballo a ocupar, incluídas as titulacións relativas a coñecementos de informática: ata un máximo de 1,5 puntos.

1. Por titulación de grao medio ou FP I: 0,25 puntos.
2. Por titulación de grao superior ou FP II: 0,5 puntos.
3. Por máster non universitario : 0,75 puntos.
4. Por titulación universitaria: 1 punto.
5. Por máster universitario ou doctorado: 1,5 puntos.

- Por ter asistido a cursos, seminarios e xornadas relacionadas coa actividade a desenvolver: ata un máximo de 1 punto.

1. Por cada curso de 10 a 50 horas: 0,10 puntos.
2. Por cada curso de 51 a 100 horas: 0,25 puntos.
3. Por cada curso de máis de 100 horas: 0,50 puntos.

Só se valorarán unha vez cursos de idéntico contido.

Só se estimarán os cursos impartidos por organismos da administración, institucións públicas ou centros homologados para o efecto.

- Coñecementos de idiomas: ata un máximo de 1,5 puntos.

Só se estimarán os cursos de escolas oficiais.

- Coñecementos do galego: ata un máximo de 1 punto.

1. Curso de iniciación CELGA 3 ou equivalente: 0,25 puntos.
2. Curso de perfeccionamento CELGA 4 ou equivalente: 0,5 puntos.
3. Curso CELGA 5 ou equivalente: 1 punto.

### 1. EXPERIENCIA LABORAL:

A experiencia laboral computarase ata un máximo **de 2 puntos**:

- Servizos prestados en postos de igual natureza nas Administracións Públicas:  
0,15 puntos por mes de servizo completo.
- Servizos prestados en postos de igual natureza en empresas privadas:  
0,05 puntos.

A experiencia acreditarase mediante **informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social e mediante informe ou certificación expedido pola administración ou a empresa correspondente ou contrato de traballo.**

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citado tribunal, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Os méritos que aleguen os/as interesados/as e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.



Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os presentados na data de realización do proceso selectivo. A falta de acreditación dos méritos non será subsanable e xerará a non valoración dos mesmos.

**2º.- FASE DE PROBA:**

Consistirá na realización dunha proba teórica.

**PROBA ESCRITA: Máximo de 3 puntos.**

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test de 20 preguntas relacionadas co posto ofertado e cos temas relacionados no anexo I.

Está dirixida a determinar os coñecementos dos/as aspirantes sobre a profesión. O exame tipo test terá unha resposta correcta por pregunta. (Os erros non puntúan negativo).

A duración da proba escrita a decidirá a comisión seleccionadora.

Sexta.- Lista de aprobados e proposta de contratación.

Terminada a calificación de todos os exercicios, o tribunal publicará no Taboleiro de anuncios da casa do concello e na páxina web municipal a relación de aspirantes aprobados pola orde de puntuación formulando proposta de contratación a favor do/a aspirante que figure con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados lista de reserva.

Dita lista de reserva será exclusivamente a efectos de cobertura de renuncias, de baixas en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando ós integrantes da lista de reserva dereito algún en relación a outros procesos de contratación.

Abrirase un prazo de 10 días para a presentación das alegacións ós resultados acadados que se indicará cando se publique o listado da puntuación final. De non presentarse elevarase a definitivo a lista que se publicará na páxina Web do Concello e no taboleiro de anuncios.

Sétima.- Proposta de contratación.

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión de Selección será elevada ao alcalde para que formule a contratación da persoa que obteña a mellor puntuación, en número que non supere a da praza obxecto da convocatoria.

A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.

Oitava.- Incidencias.

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.



## ANEXO I. TEMARIO

TEMA 1.- O termo municipal de Touro. O Territorio.

TEMA 2.- Xeografía e historia: As vinculacións co camiño de Santiago.

TEMA 3.- Patrimonio catalogado. Patrimonio inmaterial :festas e tradicións.

TEMA 4.- A regulación xurídica en materia de Turismo. O guía de turismo: O Decreto 73/2015, de 7 de maio.

## ANEXO II

Don/a: .....  
con DNI ..... e domicilio en .....  
nacional de ....., con teléfono: ..... e  
email: ..... a efectos de poder participar no proceso selectivo de  
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 TÉCNICO/A- INFORMADOR TURÍSTICO.

### DECLARACIÓN XURADA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- Que non desempeña ningún posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984,
- Que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.
- Posuír a capacidade funcional e psíquica para o desempeño das tarefas en non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- Ter sido informado polo Concello de Touro que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo algunha enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.
- Asemade, a efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE TOURO; con dirección en CALLE ISABEL II, Nº26 - 15822 TOURO (A CORUÑA) e correo electrónico [correo@concellodetouro.gal](mailto:correo@concellodetouro.gal). O Delegado de Protección de Datos de CONCELLO DE TOURO é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en [correo@concellodetouro.gal](mailto:correo@concellodetouro.gal). Os datos serán



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

exp. 2020/G003/000083

utilizados para prestar o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para iso, CONCELLO DE TOURO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa en: [correo@concellodetouro.gal](mailto:correo@concellodetouro.gal).

En Touro, a ..... de ..... de 2020

Sinatura:.....

O Alcalde, D. Ignacio Codesido Barreiro, en Touro, na data da sinatura electrónica.



## ANUNCIO:

O Concello de Touro, acordou realizar a contratación dun técnico/a informador/a turístico/a para a Oficina de turismo do Concello.

### Requisitos:

Os/as aspirantes deberán estar en posesión dalgún dos seguintes títulos:

- Técnico/a superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.
- Técnico/a en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.
- Grao ou diplomado/a en Turismo ou equivalente homologado.
- Dobre grao en Ciencias Empresariais e Turismo.
- Grao ou licenciatura en Historia da Arte.
- Grao ou licenciatura en Humanidades.
- Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio.
- Grao ou licenciatura en Historia.

### Características do contrato:

- Contratación laboral temporal, cun contrato a tempo completo de duración determinada por obra ou servizo.
- Duración: ata o 31 de decembro de 2020.
- Xornada: 37,5 horas/semana.

### Solicitudes:

Presentaranse no rexistro xeral do Concello, no prazo de 8 días naturais, contados desde a última publicación (periódico ou páxina web).

Coa solicitude presentarase a acreditación dos méritos que aleguen e en especial os contratos que se houberan celebrado e a vida laboral.

Touro, 15 de xuño de 2020.

O alcalde,



Asdo.: Ignacio Codesido Barreiro.



O presidente da Deputación e o alcalde de Malpica, no centro, cos oleiros de Buño no Econmuseo Forro do Forte. Foto: D.C.

# Preocupación polo futuro do barreiro dos oleiros de Buño

## Pechou a empresa xestora e que abastecía ao sector // Piden apoio para artellar alternativas

JOSÉ M. RAMOS  
Malpica

Os oleiros de Buño demandan o apoio das institucións e da clase política para poder seguir abastecendo do barreiro local, logo do peche da empresa que o xestiona e que ten a licenza de minas.

A presidenta da Asociación de Olería de Buño, Carmen Isabel Labrador, aseguri-

ra que, dende hai varios anos, a referida empresa era a que lles suministraba a materia prima coa que elaboran os seus produtos artesanais.

Ainda que os oleiros de Buño seguen sendo titulares dunha parte do barreiro, non dispoñen dos medios técnicos para a súa extracción e ademais precisábase da correspondente licenza de minas para poder explotar a totali-

pois a olería de Buño e unha parte importante da cultura galega”.

O sector fixo acopio de materia prima antes do peche da empresa “e contamos cun stock que nos pode dar para traballar catro ou cinco anos, pero hai que buscar unha solución que garanta o futuro do sector e das novas xeracións que veñen detrás”, engadiu a presidenta do colectivo oleiro de Buño.

Por iso, aproveitaron a visita do presidente da Deputación da Coruña ao Econmuseo Forro do Forte para pedirlle o seu apoio. A este respecto, Valentín González, asegurou estar ahí, non imos deixar caer isto que tanto esforzo costou levantar ao longo dos anos por un problema así. Se o barro está ahí hai que permitir extralo”.

O mandatario provincial amosou o seu convencemento de que “vai ser posible unha solución, e comprométese

a mediar ante a Xunta de Galicia para buscar unha alternativa ao sector.

Asemade, Carmen Isabel Labrador confirmou que onte recibiron tamén o apoio de responsables políticos doutros partidos e espera que “o apoio que nos están a ofrecer todos se convirta en feitos”.

**PESCA.** O presidente da Deputación tamén aproveitou a súa visita a Malpica para coñecer de primeira man a problemática do sector pesqueiro local.

O patrón maior, Pedro Pérez, e representantes dos mariñeiros trasladaronlle a Valentín González a súa demanda dunhas “cuotas de pesca xustas que permitan que as empresas do sector sexan sostibles”, xa que actualmente aseguran que “son insuficientes para manter a frota e o emprego”.

Tamén lle lembraron a demanda histórica de que se baixe o IVE dos produtos do mar ao 4% “a un sector que se demostrou esencial nesta crise, pois a frota apenas parou a súa actividade”.

González Formoso considerou razoables as súas peticións e expresou a súa preocupación polos “corses e limitacións” que poñen as administracións competentes, que “non se adaptan á fotografía que nos trasladada o sector” e que supoñen atrancos para facer rendible “unha actividade da que viven centos de familias en Malpica e en Galicia”, afirmou.

O alcalde malpicán, Walter Pardo, e os concelleiros Alfredo Carriño e Leticia Naya, agradeceron ao presidente provincial que escoitase tanto aos oleiros como ao sector da pesca, porque trátase de dous colectivos cun gran peso, tanto desde o punto de vista histórico coma económico, para o concello.

## Rechazan la versión del homicida de Cabana

**Cabana.** Los hijos del acusado del crimen de matar a su mujer en Cabana de Bergantiños rechazaron ayer en el juicio la versión dada por su padre y han negado que el día de los hechos estuviese ebrio. Además, han ratificado menosprecios a su madre por parte del homicida.

Los hechos ocurrieron en agosto de 2018 en la vivienda familiar, cuando el acusado, Julián Gil, acabó con la vida de su mujer disparándole tres veces. Atribuyó su acción a “un arrebató”. Su hija, no obstante, aseguró ayer que las discusiones entre la pareja eran “una cosa muy habitual” y que su padre “non asumía la separación” y “ningunha v menospreciaba” a la víctima.

También el hijo de la pareja, que al igual que su hermana estaba en el domicilio familiar, admitió que “hubo tensión” e “insultos mutuos”. No obstante, explicó que decidió intervenir cuando su padre realizó lo que él consideró una ofensa grave. “A mi madre nó, pero el día de su muerte, amenazó con matar a su pareja”, ha dicho sobre la relación sentimental que la víctima mantenía con otro hombre.

La hija señaló además que, un día que se emitió en la televisión un caso de un crimen machista, su padre le dijo a su madre “así había que ponerle a ti”, y que le decía que “era una inútil delante de cualquiera”.

Ambos hijos confirmaron que su padre vigilaba a su madre, incluso cuando se encontraba en el extrajero. **EP**

## SE ALOUILLA

Bajo comercial con entrepantalla y solano, en pleno centro de Santiago, entrada desde el exterior, en calle República del Salvador  
**M. 609 88 22 83**



**Centros • Económico • Camodo**  
Alfredo Brañas, 10 • Santiago  
T. 981 593 435

**La publicidad vende...**  
Anúnciese en  
**CorreoGallego**  
Tels.: 981 543 720 / 981 543 842  
publicidad@elcorreoagallego.es



## CONCELLO DE TOURO

**ANUNCIO:**

O Concello de Touro, acordou realizar a contratación de catro condutores para manter operativo o vehículo motoromaba (tractor forestal con cisterna), na prevención e defensa contra incendios forestais, durante a campaña 2020.

**Requisitos:**

- Estar en posesión, polo menos, do carné de conducir tipo B.  
- Os demais requisitos establecidos na lexislación para o acceso ao emprego público.

**Características do contrato:**

- Tipo: contrato de duración determinada (obra ou servizo).  
- Duración: 3,5 meses.  
- Xornada: completa.

**Solicitudes:**

Presentaranse no rexistro xeral do Concello, no prazo de 5 días hábiles, contados desde a última publicación (xornal ou páxina web).  
Coa solicitude presentárase a acreditación dos méritos que aleguen os aspirantes para a súa contratación.  
Touro, 15 de xuño de 2020.

O alcalde, Asdo:  
Ignacio Codesido Barreiro.



## CONCELLO DE TOURO

**ANUNCIO:**

O Concello de Touro, acordou realizar a contratación dun técnico/a informador/a turístico/a para a Oficina de turismo do Concello.

**Requisitos:**

Os/as aspirantes deberán estar en posesión dalgun dos seguintes títulos:  
- Técnico/a superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.  
- Técnico/a en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.  
- Grao ou diplomado/a en Turismo ou equivalente homologado.  
- Doble grao en Ciencias Empresariais e Turismo.  
- Grao ou licenciatura en Historia da Arte.  
- Grao ou licenciatura en Humanidades.  
- Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio.  
- Grao ou licenciatura en Historia.

**Características do contrato:**

- Contratación laboral temporal, cun contrato a tempo completo de duración determinada por obra ou servizo.  
- Duración: ata o 31 de decembro de 2020.  
- Xornada: 37,5 horas/semana.

**Solicitudes:**

Presentaranse no rexistro xeral do Concello, no prazo de 8 días naturais, contados desde a última publicación (periódico ou páxina web).  
Coa solicitude presentárase a acreditación dos méritos que aleguen e en especial os contratos que se houberan celebrado e a vida laboral.  
Touro, 15 de xuño de 2020.

O alcalde, Asdo:  
Ignacio Codesido Barreiro.